En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 8826** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Raúl Fernández Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a data prevista polo Goberno galego para a execución das actuacións necesarias para rexenerar e mellorar a produtividade marisqueira da zona dos Lombos do Ulla, na ría de Arousa, as medidas que vai adoptar para ese fin nos próximos tres meses e a valoración da posibilidade de reducir nas vindeiras tempadas os períodos establecidos para o libre marisqueo, así como as razóns da demora da Consellería do Mar na atención das solicitudes de xuntanza formuladas polos patróns maiores ao respecto"**, (publicada no BOPG número 116 do 19 de maio de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar** , que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 20.06.2017- pola conselleira do Mar, ao darlle resposta á pregunta 8823 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
13 XUL. 2017
Núm. 12383

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
13 XULL. 2017
SAIDA
Num. 651

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 9071** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Súarez e don Julio Torrado Quintela, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto do incremento do investimento realizado na contratación de vixiantes para o control do furtivismo no marisqueo, o número dos que están a traballar en Galicia e os datos referidos ao financiamento deses postos de traballo"**, (publicada no BOPG número 118 do 26 de maio de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar** , que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 8ª do 4.07.2017- pola directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, ao darlle resposta á pregunta 9070 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as "

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

XUNTA DE GALICIA · VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA · DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
17 XULL. 2017
NÚM. 12759

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
17 XULL. 2017
SAÍDA
Num. 662

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 9259** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Raúl Fernández Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións levadas a cabo desde o ano 2010 ata o 16 de maio de 2017 en relación co anuncio de investimento de 15,3 millón de euros para mellorar a captación de auga no río Ulla e cubrir o abastecemento nas comarcas do Sar, Barbanza e Ulla, así como as previsións do Goberno galego respecto do cumprimento da obriga de subministración de auga en calidade e cantidade axeitada a todos os núcleos do concello de Padrón de poboación fixa superior a 50 habitantes antes de 2025"**, (publicada no BOPG número 118 do 26 de maio de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio,** que ten o seguinte contido:

"De conformidade coa normativa básica en materia de réxime local, Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local así como a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e coa normativa sectorial en materia de augas, a lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, os concellos teñen atribuídas, entre outras, competencias en materia de subministro de auga e tratamento de augas residuais.

Unha das colaboracións máis importantes que a Administración autonómica ten cos concellos é o apoio á planificación, execución e financiamento de infraestruturas hidráulicas de abastecemento, saneamento e depuración.

Dende o ano 2005, Augas de Galicia asume a explotación en alta das instalacións de abastecemento do Barbanza e realiza o mantemento das mesmas. Desde ese momento, leva investido neste servizo e en actuacións de mantemento máis de 8 millóns de euros.

Dentro das súas atribucións, e concretamente en relación co abastecemento en alta á marxe dereita da ría de Arousa, a Xunta de Galicia efectuou en 2011 obras de mellora da captación

antiga para o bo funcionamento deste sistema; isto sen prexuízo de que, para o futuro, se teñan planificando novas actuacións.

En relación ao indicado sobre as tubaxes, cómpre precisar que as de abastecemento en alta son todas de fundición e de diámetros elevados, non existindo tubaxes de fibrocemento. De existir na rede de abastecemento de competencia municipal, estas deben ser substituídas polo concello."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

XUNTA DE GALICIA · VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS · DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
17 XULL. 2017
Núm. 12759

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2017 13:14
Nº Rexistro: 12694
Data envio: 14/07/2017 13:14:43.692
Data 14/07/2017 13:14

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 9343** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as medidas adoptadas ou previstas polo Goberno galego para combater o cambio climático nos ámbitos da enerxía, o transporte, a mobilidade, o ciclo da auga, os residuos, a biodiversidade, o urbanismo, a ordenación do territorio e dos usos do solo, a ordenación do monte ou o consumo"**, (publicada no BOPG número 121 do 1 de xuño de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio,** que ten o seguinte contido:

"O cambio climático é un fenómeno que, como non pode ser de outro xeito, está a ser tratado de xeito transversal pola Xunta de Galicia, de modo que todos os departamentos están a levar a cabo accións para combatelo. Para poder dar a coñecer estas iniciativas, o Goberno galego ten publicados dous informes elaborados pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, que están dispoñibles para consulta pública na páxina web de dito departamento.

O primeiro destes informes, relativo ao ano 2011, recolle para ese período a realización de 84 medidas cun investimento asociado superior aos 35 millóns de euros. O segundo informe, que abrangue o período 2012-2015, inclúe unha recompilación 103 medidas que foron desenvolvidas pola Xunta en dito período e que supuxeron un investimento superior aos 148 millóns de euros.

En relación coas actuacións futuras, cómpre indicar que existe planificación tanto paro os vindeiros anos como a longo prazo. Actualmente, a Xunta de Galicia está a acometer a elaboración da nova Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050, que será o instrumento planificador do Goberno galego e establecerá as grandes liñas de actuación na loita fronte a este fenómeno.

A Estratexia deseñarase seguindo unha estrutura que permitirá desenvolver cada un dos grandes bloques de actuación en materia de cambio climático: observación e investigación, mitigación ou redución de emisións de gases de efecto invernadoiro, adaptación aos seu impacto, sensibilización, formación e educación.

CVE-PREPAR: 56d18525-9b74-4601-3fe0-43edc2c11013

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2017 13:14
Nº Rexistro: 12694
Data envio: 14/07/2017 13:14:43.692

O proceso de elaboración da estratexia inclúe a organización de grupos de traballo sectoriais, onde se discutirá o contido da estratexia e se buscará acadar o maior consenso posible en relación coas grandes metas desta de cara a fixar as liñas de actuación a longo prazo e a definir as pautas necesarias a desenvolver de cara a un horizonte temporal máis próximo, determinando así a folla de ruta a seguir.**"**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

CVE-PREPAR: 56d18525-9b74-4601-3fe0-43edc2c11013

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2017 13:14
Nº Rexistro: 12694
Data envio: 14/07/2017 13:14:43.692

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/07/2017 13:14:37

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2017 11:06
Nº Rexistro: 12192
Data envio: 12/07/2017 11:06:54.607
Data 12/07/2017 11:06

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 9363** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **"a posibilidade de garantía polo Goberno galego do mesmo nivel de atención sanitaria en Galicia durante os meses de verán que no resto do ano, os datos referidos ás camas que se van pechar no período estival e o volume de persoal que vai contratar o Sergas para cubrir as vacacións dos profesionais sanitarios, así como os criterios seguidos para planificar a dotación de recursos nesa época e a valoración das reclamacións dos profesionais ao respecto"**, (publicada no BOPG número 121 do 1 de xuño de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade,** que ten o seguinte contido:

"A atención sanitaria en Galicia está garantida durante todo o ano, polo que non é diferente no verán.

A planificación sanitaria conleva a xestión e adecuación dos recursos ás necesidades asistenciais. Así, o Servizo Galego de Saúde planifica, todos os anos, a adecuación dos recursos asistenciais no período estival tendo en conta o decrecemento da demanda asistencial, motivado pola diminución da morbilidade estacional de determinadas patoloxías así como os datos obxectivos achegados por distintos indicadores asistenciais e de actividade.

Nesta mesma liña de planificación, o Servizo Galego de Saúde realiza a oportuna xestión das ausencias do persoal tendo en conta a demanda asistencial, en garantía da saúde da cidadanía.

Cómpre engadir que este tipo de planificación e xestión sanitaria non é una peculiaridade do noso Sistema, senón que se trata de algo que se fai tamén todos os anos en todos os Servizos de Saúde.

En base aos criterios e indicadores de planificación asistencial relatados anteriormente, durante o período estival do ano 2016 o número de camas que estiveron funcionantes no Servizo Galego de Saúde foi de 87,94%, e a porcentaxe de ocupación durante estes meses foi do 75%.

Neste ano 2017 durante os meses de verán a porcentaxe de camas funcionantes será de 88,93% , un punto porcentual máis cá no mesmo período do ano anterior.

CVE-PREPAR: a37bd418-70b0-e1e6-10a6-4d48e1ca2a32

É necesario puntualizar que aínda que a porcentaxe de camas funcionantes é superior ao de ocupación de anos previos, este poderíase incrementar se a demanda asistencial así o precisase.

A porcentaxe media de ocupación durante todo o ano 2016 foi do 76,64%.

Destacar que a sanidade e por tanto as necesidades asistenciais son procesos dinámicos. Dito isto, contrataranse o número de profesionais que sexan necesarios en cada momento para garantir a asistencia sanitaria nos centros.

Sempre que existe unha necesidade asistencial, as diferentes EOXI, conforme á súa autonomía de xestión, utilizan as listas de contratación para formalizar todos os nomeamentos que son necesarios, máxime no período estival, no que hai que conciliar o dereito as vacacións do persoal coa atención á poboación.

Tal e como se expuxo anteriormente, é a nosa responsabilidade adoptar as medidas de xestión pertinentes para garantir a asistencia sanitaria. Neste sentido, o SERGAS contrata todo o persoal que, obxectivamente, é necesario para manter a actividade asistencial dos nosos centros sanitarios.

Polo tanto, a xestión das ausencias e planificación das substitucións realízanse tendo en conta a demanda asistencial, é dicir, substitúense con persoal eventual o 100% das ausencias que se precisen, en función das necesidades de cada centro.

Proba de que a Administración substitúe no período de vacacións, é que se esgotan as listas de dispoñibles, especialmente enfermaría e médicos de familia.

A xestión dos recursos humanos no SERGAS faise co criterio de garantir a asistencia sanitaria precisa, segura e de calidade en todos os ámbitos da atención: centros hospitalarios, de atención primaria e puntos de atención continuada.

O Servizo Galego de Saúde dispón de distintas ferramentas, indicadores e sistemas de información de actividade e produción que facilitan datos obxectivos cuantitativos e cualitativos sobre a asistencia sanitaria. Entre eles, disponse de indicadores que miden a actividade asistencial hospitalaria tanto no referente a consultas externas, probas diagnósticas, hospitalización e asistencia en urxencias así como o tipo de patoloxía atendida e complexidade do paciente.

Estes sistemas de información son unha ferramenta fundamental no ámbito da xestión sanitaria que permiten racionalizar o proceso de toma de decisións facilitando un coñecemento rápido e preciso da organización.

CVE-PREPAR: a37bd418-70b0-e1e6-10a6-4d48e1ca2a32

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2017 11:06
Nº Rexistro: 12192
Data envio: 12/07/2017 11:06:54.607

Este conxunto de ferramentas están a disposición dos equipos directivos das diferentes EOXI, actualízanse mensualmente e son obxecto de análise para a planificación sanitaria durante todo o ano.

Cómpre puntualizar que as camas hospitalarias non se pechan, as camas hospitalarias están todas dispoñibles de acordo coas necesidades de hospitalización dos pacientes en cada momento.

O SERGAS leva a cabo unha planificación sobre cal será a ocupación prevista de camas durante a época de verán tanto por ingresos médicos como os derivados da actividade cirúrxica. Esta planificación elabórase tras un estudo no que se ten en conta a frecuentación das distintas áreas hospitalarias e en cada área sanitaria concreta, en períodos similares anteriores.

No caso de hospitalización, mantéñense operativos un 10-12 % máis de recursos dos que se prevé que van ser necesarios e o resto estarán dispoñibles en todo momento.

En resumen, a adecuación dos recursos asistenciais exponse como un conxunto de medidas de xestión que, garantindo a asistencia sanitaria aos usuarios, adáptase á realidade estival e preserva a eficiencia do noso sistema sanitario (como é obrigado nun sistema público)**.”**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: a37bd418-70b0-e1e6-10a6-4d48e1ca2a32

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2017 11:06
Nº Rexistro: 12192
Data envio: 12/07/2017 11:06:54.607

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/07/2017 11:06:49

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/07/2017 13:41
Nº Rexistro: 11936
Data envio: 10/07/2017 13:41:31.725
Data 10/07/2017 13:41

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 9484** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as medidas adoptadas ou previstas polo Goberno galego para corrixir a espera existente para a realización de probas TAC no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense e o numero de reclamacións presentadas dende o ano 2009"**, (publicada no BOPG número 121 do 1 de xuño de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade,** que ten o seguinte contido:

"O Complexo Hospitalario Universitario de Ourense mantén a pleno rendemento os seus tres TACs e ven de ampliar o seu cadro de persoal, cun radiólogo máis, para axilizar ao máximo os tempos de indicación e realización destas probas. En toda a provincia, a Xerencia de Xestión Integrada de Ourense conta con cinco TACs, nos que se realizan probas de diagnóstico e control de patoloxías oncolóxicas.

Conscientes do grao de inquedanza que esta proba xera entre os pacientes, especialmente entre os oncolóxicos, púxose en marcha un Grupo de Traballo Multidisciplinar co obxectivo de mellorar a coordinación e establecer canles de priorización das probas oncolóxicas.

O tempo indicado para a realización dun TAC é sempre un período estimado, en función do criterio do facultativo responsable, e cando é urxente realizase no mesmo día.

Ademais, a Xerencia de Xestion Integrada de Ourense mantén un contacto permanente coa delegación provincial da Asociación Española Contra o Cancro, priorizando calquera queixa que, por este u outro motivo, reciban dos seus asociados, así como as recibidas por outras vías, que se derivan directamente ao Servizo de Radioloxía para avaliar a súa prioridade."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 5400fb87-3bf6-2e90-67f9-b4c50f7580b6

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/07/2017 13:41
Nº Rexistro: 11936
Data envio: 10/07/2017 13:41:31.725

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/07/2017 13:41:23

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2017 11:06
Nº Rexistro: 12191
Data envio: 12/07/2017 11:06:43.669
Data 12/07/2017 11:06

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 9532** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e don Luis Villares Naveira, sobre **"a opinión do Goberno galego referida á suficiencia da dotación de persoal e servizos do Centro de Saúde de Baltar, no concello de Sanxenxo, as súas previsións respecto do incremento da atención pediátrica nel e a súa dotación dunha ambulancia medicalizada permanente, así como a garantía duns servizos sanitarios públicos de calidade nas épocas de grande afluencia de turistas e visitantes na vila"**, (publicada no BOPG número 125 do 8 de xuño de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade,** que ten o seguinte contido:

"No concello de Sanxenxo a poboación é de de 14.551 TIS de adultos, que son atendidos en xornada ordinaria por 9 médicos de familia e 2.303 TIS de menores de 14 anos que son atendidos por 2 pediatras.

Estanse a cubrir as ausencias cos mesmos criterios que en calquera outro centro de saúde, garantindo unha asistencia e accesibilidade adecuada á poboación.

No caso concreto da pediatría de Sanxenxo, produciuse unha xubilación dun titular no mes de xaneiro e, dada a ausencia de especialistas en pediatría nas listas, está cuberta cun especialista en medicina familiar e comunitaria, con preparación adecuada na súa especialidade, para atender á poboación infantil; a outra pediatra atópase en activo.

Consideramos, atendendo aos datos sinalados anteriormente, que o servizo no Centro de Saúde de Baltar é axeitado para as TIS que temos que atender.

En horario de Atención continuada os concellos de Sanxenxo e Meaño son atendidos no PAC situado en Baltar (concello de Sanxenxo) onde contamos cunha plantilla de 5 médicos, 4 DUEs e 4 PSXs, con presenza de luns a venres de 1 médico, 1 DUE e 1 PSX en xornada de 15 a 8 h. e no fin de semana a tarde do sábado e a mañá e tarde do domingo 2 médicos.

Entendemos que a cobertura é axeitada para a poboación a atender.

CVE-PREPAR: 618a11b6-fe61-4477-4bb5-5b7b6f44deb9

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2017 11:06
Nº Rexistro: 12191
Data envio: 12/07/2017 11:06:43.669

A actividade de Urxencias é coordinada polo 061, quen define, con criterios de carácter técnico, os medios con que debe dotar cada área; e que tamén reforza a súa dotación no período estival cunha ambulancia medicalizada.

As urxencias, que así o requiren son derivadas ao Hospital Provincial ou a Montecelo, situados a unha isócrona adecuada e dotados ambos dos medios materiais e humanos oportunos para dar unha resposta de calidade aos problemas sanitarios.

Ao tratarse dunha zona turística, refórzanse os servizos sanitarios, tanto en Semana Santa como en verán (de 1 de xullo a 15 de Setembro):

Semana Santa: (xoves, venres, sábado e domingo): 1 Médico de familia e 1 DUE a maiores do habitual.

Verán: horario de mañá de luns a venres 2 MF e 1 DUE a maiores da plantilla

horario de tarde de luns a venres 1 MF e 1 DUE

sábados e domingos de 8 a 8h. 1 MF e 1DUE

A formación e profesionalidade do noso persoal sanitario é da mais alta calidade, e a análise da actividade de dita área reflicte que a dotación é a adecuada para poder garantir unha asistencia sanitaria de calidade, tanto en adultos coma na poboación infantil, para a poboación destes municipios, como para a afluencia de turistas que os visitan**."**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 618a11b6-fe61-4477-4bb5-5b7b6f44deb9

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2017 11:06
Nº Rexistro: 12191
Data envio: 12/07/2017 11:06:43.669

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/07/2017 11:06:30

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/07/2017 13:43
Nº Rexistro: 11944
Data envio: 10/07/2017 13:43:28.007
Data 10/07/2017 13:43

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 9654** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia destinadas a garantir as condicións necesarias en termos de espazos, medios e persoal para a correcta realización da proba da glicosa en embarazadas nos centros hospitalarios do Sergas e de forma concreta no Hospital Provincial de Pontevedra"**, (publicada no BOPG número 125 do 8 de xuño de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade,** que ten o seguinte contido:

"É un feito que as condicións da sala na que se realizan as probas de glicosa

no Hospital Provincial é mellorable en canto á amplitude de espazos, tendo en conta, ademais, que se trata de pacientes embarazadas que adoitan vir acompañadas.

É importante precisar que a ubicación desta sala no Hospital Provincial obedece a que neste mesmo centro está situada á área materno-infantil, que a mellor opción segue sendo manter neste centro a zona de realización de ditas probas.

En calquera caso, e sendo de sobra coñecido que no Hospital Provincial os espazos están aproveitados ao máximo, nos últimos años mellorouse a zona asignada á realización destas probas funcionais dotando ademais á sala actual con cadeiras de brazos mais confortables.

O plan funcional do Gran Montecelo ven a resolver esta situación. Dito plan contempla esta circunstancia e no proxecto xa ten asignada unha zona con superficie suficiente para a realización destas probas**."**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 3d867706-d7a7-43a5-6462-e5db9ed97227

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/07/2017 13:43
Nº Rexistro: 11944
Data envio: 10/07/2017 13:43:28.007

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/07/2017 13:43:22

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2017 11:06
Nº Rexistro: 12190
Data envio: 12/07/2017 11:06:25.294
Data 12/07/2017 11:06

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 9691** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración da Consellería de Sanidade respecto do asolagamento provocado polas choivas o día 29 de maio de 2017 no Hospital Universitario Lucus Augusti de Lugo, as súas previsións respecto da apertura dun expediente informativo para analizar as súas causas e os danos ocasionados, así a súa afección na actividade dos quirófanos"**, (publicada no BOPG número 125 do 8 de xuño de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade,** que ten o seguinte contido:

"A causa do asolagamento foi a grande cantidade de auga caída nun curto espazo de tempo e ás dificultades que as redes de evacuación de augas pluviais tiveron para eliminala das arquetas finais. Tamén analizáronse os motivos, causas e posibles solucións para que dita situación non se volva a producir.

Non se pode falar de que existan deficiencias construtivas ás que poder achacar as anteditas incidencias, nin tampouco de mantemento, estando éste pautado e realizado coa periodicidade que corresponde. As instalacións funcionan axeitadamente para un índice de pluviometría dentro dos parámetros de normalidade, e así ven sendo desde que o Hospital está en funcionamento.

Tanto as baixantes como o resto das instalacións polas que se canalizan as augas pluviais ata o entronque coas instalacións do concello, atopanse en perfecto estado de mantemento.

Os danos causados reducíronse a pequenas incidencias en electrónica dos ascensores e detección de incendios, así como a falsos teitos e parámetros de escaiola, dándolles traslado dos mesmos a correspondente compañía de seguros.

CVE-PREPAR: 03b52e13-2868-7fc4-2603-3dd0d9f3b336

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2017 11:06
Nº Rexistro: 12190
Data envio: 12/07/2017 11:06:25.294

Non se viu afectada nin a actividade asistencial, nin a programada nin a urxente.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

CVE-PREPAR: 03b52e13-2868-7fc4-2603-3dd0d9f3b336

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2017 11:06
Nº Rexistro: 12190
Data envio: 12/07/2017 11:06:25.294

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/07/2017 11:06:17

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2017 11:06
Nº Rexistro: 12189
Data envio: 12/07/2017 11:06:12.028
Data 12/07/2017 11:06

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 9719** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"os prazos que está a considerar o Goberno galego para a transferencia ao Sergas do punto de atención continuada de Ponteceso e a súa valoración en relación coas carencias e deficiencias que presentan a súa dotación de persoal facultativo e de medios materiais e mais as súas instalación"**, (publicada no BOPG número 125 do 8 de xuño de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade,** que ten o seguinte contido:

"O Centro de Saúde de Ponteceso pertence ao grupo I do Pacto Local pero o Concello non enviou a documentación necesaria para poder iniciar os trámites para a súa cesión gratuíta.

Os Puntos de Atención Continuada (PAC) están dotados de persoal de presenza física nun número axustado ao ratio de poboación atendida. A figura do 'médico de reforzo localizable' non existe en ningún PAC de Galicia, nin está contemplado no novo modelo de urxencias extrahospitalarias da Comunidade Autónoma de Galicia, que regula as presenzas de garda de equipos sanitarios nos puntos de atención continuada.

Este PAC foi dotado do seguinte material de atención a urxencias e emerxencias:

◦ Carro de Parada

◦ Padiola hidráulica para atención ao paciente critico

◦ Tensiómetros hidráulicos con saturímetro

◦ Monitor-desfibrilador con dotación para a atención á parada cardiorespiratoria e eventos cardiolóxicos críticos

Existe tamén un ecógrafo con funcionalidade suficiente para o nivel de atención no PAC e no centro de saúde.

CVE-PREPAR: bc69ec35-1ec8-e046-0eb1-9dccc43d30f7

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2017 11:06
Nº Rexistro: 12189
Data envio: 12/07/2017 11:06:12.028

A avaliación de riscos laboráis do PAC de Ponteceso consta realizada dentro das labores de Prevención de Riscos Laborais regulados na normativa correspondente e constan realizadas propostas de tratamento dos riscos segundo a súa identificación e clasificación**.”**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

CVE-PREPAR: bc69ec35-1ec8-e046-0eb1-9dccc43d30f7

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2017 11:06
Nº Rexistro: 12189
Data envio: 12/07/2017 11:06:12.028

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/07/2017 11:06:07

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2017 13:40
Nº Rexistro: 12713
Data envio: 14/07/2017 13:40:32.843
Data 14/07/2017 13:40

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 9823** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Raúl Fernández Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a opinión do Goberno galego respecto das afirmacións do mundo científico internacional referidas á dispoñibilidade soamente dun prazo de dez anos para mudar de xeito efectivo os datos da tendencia que presenta o cambio climático e os datos e as previsións que manexa a Consellería do Medio Rural para Galicia, así como o criterio do Goberno galego e as medidas que vai adoptar en relación coa necesidade de novas liñas de actuación destinadas á adaptación de Galicia aos cambios que se están a producir e que se van producir nese eido"**, (publicada no BOPG número 125 do 8 de xuño de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio,** que ten o seguinte contido:

"O Goberno Galego está de acordo co expresado pola comunidade científica internacional en relación co cambio climático a través do máximo organismo encargado da avaliación dos sistemas climáticos que é o Panel Intergubernamental de Expertos de Cambio Climático (IPCC). Nos seus informes, o IPCC non indica unha referencia temporal concreta sobre o tempo que hai para mudar a tendencia do cambio climático, pero si que é incuestionable que acción fronte a este cambio ten que ser un dos eixes de actuación actuais de todas as administracións e da sociedade en xeral.

O documento 'Informe sobre o cambio Climático en Galicia 2012-2015', dispoñible na web da Consellería de Medio Ambiente, recolle unha análise profunda da variación do clima en Galicia e dos impactos asociados ao mesmo. A análise da evolución climática en Galicia enfocouse a través do estudo da tendencia ata a actualidade das variables climáticas máis significativas (evidencias), así como o comportamento das mesmas cara o futuro (proxeccións).

CVE-PREPAR: 1d9eba03-2352-7b77-2df1-e99a2dad6437

O estudo recolle as evidencias no patrón de temperaturas (incremento da temperatura media no período 1961-2015 de 0,20º C por décadas) e prevé para o final do século unha tendencia ao incremento das temperaturas en función da zona de Galicia estudada, o período do ano escollido e o escenario de emisión analizado, de entre 2 e 6ºC. As proxeccións tamén indican un aumento progresivo dos episodios de calor intenso.

Actualmente, a Xunta de Galicia está a acometer a elaboración da nova Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050, que será o instrumento planificador do Goberno galego e establecerá as grandes liñas de actuación na loita fronte ao cambio climático e na transición enerxética de cara ao horizonte temporal 2050.

A estratexia deseñarase seguindo unha estrutura que permitirá desenvolver cada un dos grandes bloques de actuación en materia de cambio climático sendo un dos principais a adaptación ao fenómeno.

Un dos traballos que se vai a acometer no deseño de dita estratexia é a elaboración dun mapa de coñecemento e capacidades en cambio climático. O que se busca é ter coñecemento, a nivel autonómico, do que se está a facer nesta materia polas distintas administracións, universidades, centros, organismos ou empresas de carácter público ou privado, así como os avances que se vaian acadando. Trátase, polo tanto, de establecer un punto focal que facilite o contacto e a transmisión de información científica de cambio climático a nivel galego. Ademais, pasaría a ser o centro de retroalimentación de información do que podería servirse a estratexia para a execución das medidas nela contempladas, entre elas as de adaptación específicas para o sector agrícola e vitivinícola.

Para unha correcta xestión dos episodios de seca, e como instrumento para permitir á administración a toma de decisións e a adopción das oportunas medidas, a Xunta de Galicia a través de Augas de Galicia xa dispón dun Plan de Seca.

Sendo conscientes de que a información científica dispoñible actualmente está a indicar un aumento na recorrencia dos fenómenos meteorolóxicos adversos, está previsto comezar a afondar neste eido mediante a realización dun estudo do impacto destes fenómenos sobre a liña de costa ao representar un sistema chave e prioritario para o desenvolvemento, dada a concentración de poboación e infraestruturas, a actividade industrial e económica e a biodiversidade e ecosistemas existentes no mesmo.

O cambio climático é un fenómeno que, como non pode ser de outro xeito, está a ser tratado de xeito transversal pola Xunta de Galicia. As actuacións levadas a cabo están recollidas en dous informes elaborados pola Consellería de Medio Ambiente, que están dispoñibles para consulta pública na súa páxina web.

CVE-PREPAR: 1d9eba03-2352-7b77-2df1-e99a2dad6437

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2017 13:40
Nº Rexistro: 12713
Data envio: 14/07/2017 13:40:32.843

No primeiro destes informes identificáronse para o ano 2011 un total de 84 medidas cun investimento asociado superior a 35 millóns de euros. No segundo dos informes, que abrangue o período 2012-2015, inclúese unha recompilación 103 medidas que foron desenvolvidas pola Xunta de Galicia neste período cun investimento de máis de 148 millóns de euros **.”**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

CVE-PREPAR: 1d9eba03-2352-7b77-2df1-e99a2dad6437

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2017 13:40
Nº Rexistro: 12713
Data envio: 14/07/2017 13:40:32.843

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/07/2017 13:40:24

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2017 13:40
Nº Rexistro: 12712
Data envio: 14/07/2017 13:40:17.687
Data 14/07/2017 13:40

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 9826** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Raúl Fernández Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o significado que ten para a Xunta de Galicia «a posta en valor dos ríos galegos», os datos referidos ao funcionamento e composición do futuro Observatorio dos Ríos de Galicia e a incidencia que vai ter a súa creación nos problemas que presentan, así como as consideracións que vai realizar en relación coa aprobación do estudo de impacto ambiental das centrais hidroeléctricas no encoro das Conchas e o seu contorno e o nivel de explotación do río Xallas"**, (publicada no BOPG número 125 do 8 de xuño de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio,** que ten o seguinte contido:

"O motivo de que o Goberno galego inicie a tramitación do proxecto de decreto polo que se crea o Observatorio Autonómico dos Ríos de Galicia ten a súa resposta na parte expositiva desta disposición, ao sinalar que a súa finalidade é 'responder á necesidade de recoñecemento e protección do enorme valor patrimonial tanto social desta riqueza hidrográfica, así como a importancia que teñen na conservación tanto da flora como da fauna que dependen deles para a súa supervivencia. Recoñecer estes valores é esencial en toda sociedade sensible e ambiental'.

O observatorio funcionará en pleno e en grupos de traballo. Ao respecto, o pleno reunirase como mínimo unha vez ao ano en sesión ordinaria, feito que non impide a celebración de máis convocatorias ao ano, acorde co que determine o regulamento de funcionamento do observatorio. A maiores, poderase reunir en sesión extraordinaria cando así o acorde a presidencia.

A súa composición será acorde co sinalado nos artigos do 6 ao 9 do decreto de creación e, evidentemente, tentarase que sexa paritaria, tendo en conta o disposto no decreto lexislativo

CVE-PREPAR: f6081831-6dc1-4653-2324-47ffdc828407

2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais en materia de igualdade.

Ao observatorio corresponderalle o asesoramento sobre o estado ambiental, económico social e cultural dos ríos desta comunidade autónoma. Este órgano contribuirá favorablemente á protección do noso patrimonio hidrolóxico.**"**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

CVE-PREPAR: f6081831-6dc1-4653-2324-47ffdc828407

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2017 13:40
Nº Rexistro: 12712
Data envio: 14/07/2017 13:40:17.687

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/07/2017 13:40:07

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/07/2017 11:02
Nº Rexistro: 12344
Data envio: 13/07/2017 11:02:29.401
Data 13/07/2017 11:02

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 9860** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a planificación do Goberno galego para adaptar as prazas de formación que se están a ofertar en Galicia polo sistema de residencia MIR e EIR ás necesidades reais de cobertura de profesionais no Sergas, a posibilidade de garantía da calidade asistencial sen a adopción de medidas para aumentar o seu número e a opinión dos profesionais en relación coa política de estabilización do persoal levada a cabo polo Sergas"**, (publicada no BOPG número 125 do 8 de xuño de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade,** que ten o seguinte contido:

"A oferta docente prepárase en base a informes de planificación de prazas nas que se estiman as necesidades a medio prazo de profesionais en base a xubilacións, defuncións, ausencias por incapacidade temporal, contratacións. Dita información permite valorar que especialidades son excedentarias ou deficitarias no seu caso.

De cara a oferta do 2018 a Consellería de Sanidade solicitou ao Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad a autorización para convocar 394 prazas de formación de residentes, o que supón 17 máis que no 2017**."**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: d1a3b340-9b32-4c48-8ae3-a988994a9a22

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/07/2017 11:02
Nº Rexistro: 12344
Data envio: 13/07/2017 11:02:29.401

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/07/2017 11:02:16

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2017 11:05
Nº Rexistro: 12188
Data envio: 12/07/2017 11:05:48.528
Data 12/07/2017 11:05

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 9981** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **"os informes das consellerías de Sanidade e de Política Social referidos á problemática existente en relación cun fogar residencial de carácter privado e con ánimo de lucro da Laracha, a comunicación que hai entre a Dirección do Sergas e a Dirección Xeral de Maiores ao respecto, así como a valoración da Consellería de Política Social acerca do establecemento dunha nova regulación legal na que se exixa a todos os centros privados a dispoñibilidade de persoal sanitario propio"**, (publicada no BOPG número 129 do 15 de xuño de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade,** que ten o seguinte contido:

"Á consellería de Sanidade cónstalle unha denuncia relativa ao funcionamento do servizo sanitario do Centro Residencial Avos Felices, SL, trala que se inicia unha actuación inspectora.

A Inspección sanitaria desenvolveu as actuacións pertinentes co obxectivo de comprobar as consicións, tanto materiais, de recursos humanos, locais, así como a asistencia sanitaria prestada, para verificar o correcto cumprimento da normativa sanitaria vixente.

Como resultado destas actuacións da autoridade sanitaria proponse o inicio dun procedemento sancionador por determinados incumprimentos, así como a proposta de inicio de revogación parcial da oferta sistencial que tiña nese momento este servizo sanitario.

A Inspección sanitaria comproba, tanto mediante visita in situ como por supervisión documental, incluída a electrónica e a publicidade sanitaria que estea realizando o servizo, así como a través de requirimentos específicos. Dado que a residencia ofertaba algún servizo para os que non dispoñía da titulación esixida, ademais da utilización indebida de determinadas imaxes, iniciouse o correspondente procedemento administrativo.

CVE-PREPAR: 63a9bc52-f439-a114-8ce1-45f22dae9d88

41456
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIONS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 12/07/2017 11:05:35

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2017 11:05
Nº Rexistro: 12188
Data envio: 12/07/2017 11:05:48.528

A lexislación sanitaria actual permite que este centro teña un servizo sanitario consonte aos recursos humanos e materiais dos que se acreditou a súa disposición no seu momento.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

CVE-PREPAR: 63a9bc52-f439-a114-8ce1-45f22dae9d88

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/07/2017 11:05
Nº Rexistro: 12188
Data envio: 12/07/2017 11:05:48.528

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/07/2017 11:05:35

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2017 13:14
Nº Rexistro: 12693
Data envio: 14/07/2017 13:14:31.192
Data 14/07/2017 13:14

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 10029** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"os prazos previstos polo Goberno galego para o cumprimento, no vertedoiro da canteira de Miramontes, na parroquia de Grixoa, no concello de Santiago de Compostela, da normativa vixente, nomeadamente, as especificacións reflectidas na autorización de impacto ambiental emitida para a súa instalación, a realización das actuacións necesarias para determinar os efectos do seu funcionamento e facer as xestións oportunas para evitar o deposito de residuos doutras comarcas galegas e doutros territorios do Estado"**, (publicada no BOPG número 129 do 15 de xuño de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio,** que ten o seguinte contido:

"Este vertedoiro conta cunha Autorización Ambiental Integrada (AAI) outorgada en 2008 e, polo tanto, está sometido a un sistema de inspeccións periódicas. A maiores das inspeccións programadas, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático realiza controis non programados e, especialmente, cando existen denuncias da veciñanza e/ou colectivos.

O pasado mes de maio, como consecuencia da denuncia formulada pola AA.VV de Montelongo, a instalación foi obxecto de inspeccións ambientais os días 19 e 31, detectándose deficiencias cuxa subsanación foi requirida á empresa. Isto sen prexuízo de que, no caso de detectarse a existencia dun incumprimento da AAI, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio acordará o inicio do correspondente proceso sancionador.

Adicionalmente, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático instou á empresa a que presente un estudo olfatométrico, segundo as normas da UNE de aplicación, co obxectivo de determinar a posible responsabilidade da instalación na produción de ditas molestias.

CVE-PREPAR: 5c827c69-f018-c381-dc97-eef357082e55

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2017 13:14
Nº Rexistro: 12693
Data envio: 14/07/2017 13:14:31.192

Como conclusión do exposto, cómpre indicar que os impactos ambientais derivados do funcionamento da instalación e as medidas oportunas para a súa minimización foron avaliados na AAI e DIA do ano 2008, que tales impactos e medidas veñen sendo obxecto de seguimento no marco de ditos títulos habilitantes e que, que, con respecto ás deficiencias detectadas no marco de tal seguimento e as denuncias presentadas, estanse a adoptar xa as medidas pertinentes para acadar o seu cumprimento**.”**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

CVE-PREPAR: 5c827c69-f018-c381-dc97-eef357082e55

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2017 13:14
Nº Rexistro: 12693
Data envio: 14/07/2017 13:14:31.192

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/07/2017 13:14:24

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2017 13:14
Nº Rexistro: 12692
Data envio: 14/07/2017 13:14:19.442
Data 14/07/2017 13:14

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 10062** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Raúl Fernández Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a opinión do Goberno galego en relación co estado de execución no que se atopan os traballos de retirada de pneumáticos usados nos 3 depósitos que había en Galicia, e, se é o caso, o prazo previsto para o seu completo remate e o custo que tivo para cada persoa galega o seu tratamento por tonelada"**, (publicada no BOPG número 129 do 15 de xuño de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio,** que ten o seguinte contido:

"En primeiro lugar, cómpre indicar que os traballos non están rematados, xa que o contrato, adxudicado en novembro de 2016, ten un prazo de execución de 18 meses e abrangue a recollida de tres acopios de pneumáticos diferentes. En execución de dito contrato, e tras retirar os pneumáticos de Fene e As Somozas, iniciouse en abril a retirada do depósito da Laracha.

En relación aos restos remanentes en Fene, aos que fai referencia a iniciativa, cómpre subliñar que xa foron retirados.

Considerando o prezo unitario de tratamento por tonelada obxecto de adxudicación (68,9 euros) e a poboación galega segundo datos do Instituto Galego de Estatística (2.718.525 habitantes), o custo por tonelada é de 0,00002534462622194020 euros**."**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: f3282023-ba02-eab4-e874-5bc0b4c94d36

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2017 13:14
Nº Rexistro: 12692
Data envio: 14/07/2017 13:14:19.442

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/07/2017 13:14:14

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/07/2017 13:40
Nº Rexistro: 11923
Data envio: 07/07/2017 13:40:23.414
Data 07/07/2017 13:40

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 10087** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Súarez e don Julio Torrado Quintela, sobre **"a información do Goberno galego respecto da situación económica que está a atravesar a Confraría de pescadores de Malpica, as medidas que vai adoptar para paliala, así como posibilitar a súa supervivencia e normal funcionamento"**, (publicada no BOPG número 129 do 15 de xuño de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar ,** que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 8ª do 4.07.2017- pola directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, ao darlle resposta á pregunta 10086 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as "

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: aed7a631-9de0-9328-0f58-a6cf9464e374

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/07/2017 13:40
Nº Rexistro: 11923
Data envio: 07/07/2017 13:40:23.414

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/07/2017 13:40:09

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/07/2017 13:41
Nº Rexistro: 11935
Data envio: 10/07/2017 13:41:09.866
Data 10/07/2017 13:41

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 10154** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a avaliación polo Goberno galego do impacto, nos diferentes departamentos, entidades e servizos dependentes do Goberno galego, do ciberataque ocorrido os días 12 e 13 de maio de 2017 mediante a propagación do "ransomware" denominado WannaCry, o protocolo de actuación posto en marcha e as medidas adoptadas para emendar os posibles danos ocasionados, así como as previstas para mellorar os mecanismos de prevención e resposta ante novos ataques desta natureza e a posibilidade de cuantificar o seu custo"**, (publicada no BOPG número 129 do 15 de xuño de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia,** que ten o seguinte contido:

"Revisouse o impacto do ciberataque e a Amtega non ten constancia de ninguna infección confirmada provocada por este ataque no ámbito da Xunta de Galicia.

A Amtega dispón dun protocolo de xestión de incidencias de seguridade informática, que se aplicou neste caso, coórdinandose os diferentes actores involucrados na xestión deste tipo de incidentes.

O marco xeral de actuación ven definido polo Plan Director de Seguridade TIC aprobado polo Consello da Xunta de Galicia en xuño de 2015, que incorpora medidas en 4 liñas estratéxicas: formación e concienciación, cumprimento normativo, aspectos organizativos e melloras na xestión da seguridade, operación da seguridade e medidas de protección.

Ante este ataque, reforáronse unha serie de medidas específicas, entre as que cabe destacar:

CVE-PREPAR: 26919c90-4c05-9b68-9e38-51e6fca36691

- Monitorización permanente da seguridade e notificación ás persoas usuarias dos riscos e da forma recomendada de actuar.

- Instalación na práctica todalidade do equipamento das actualizacións de seguridade necesarias para protexerse deste ataque.

- Revisión de todas as plataformas de seguridade para verificar a activación de todos os mecanismos de protección existentes para este ataque.

- Implantación de restricións adicionais nas comunicacións

- Coordinación entre as diferentes unidades da Xunta de Galicia implicadas, co servizo de ciberseguridade corporativo e con organismos externos coma o CCN-CERT.

As medidas previstas para mellorar os mecanismos de prevención e resposta perante novos ataques desta natureza, aos sistemas e redes informáticas da Administración autonómica pasan por continuar coa execución das liñas estratéxicas previstas no Plan Director de Seguridade, que inclúen a implantación das principais normativas que afectan á administración pública neste ámbito, o Esquema Nacional de Seguridade e a normativa de protección de datos persoais.**”**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

CVE-PREPAR: 26919c90-4c05-9b68-9e38-51e6fca36691

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/07/2017 13:41
Nº Rexistro: 11935
Data envio: 10/07/2017 13:41:09.866

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/07/2017 13:41:03

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/07/2017 13:40
Nº Rexistro: 11934
Data envio: 10/07/2017 13:40:55.756
Data 10/07/2017 13:40

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 10320** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as, sobre **"a valoración polo Goberno galego da situación do porto de Vigo"**, (publicada no BOPG número 133 do 22 de xuño de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar,** que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 8ª do 4.07.2017- polo presidente do ente público Portos de Galicia, ao darlle resposta á pregunta 10318 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as**."**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 5c568f29-8612-ef82-11a4-f96b7434b9a1

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/07/2017 13:40
Nº Rexistro: 11934
Data envio: 10/07/2017 13:40:55.756

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 10/07/2017 13:40:41

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2017 13:14
Nº Rexistro: 12691
Data envio: 14/07/2017 13:14:07.255
Data 14/07/2017 13:13

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 10385** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as medidas destinadas a garantir a seguridade das presas mineiras de San Fins, no Concello de Lousame"**, (publicada no BOPG número 133 do 22 de xuño de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio,** que ten o seguinte contido:

"En relación a esta cuestión, Augas de Galicia encargou un informe descritivo das presas de cara a avaliar a súa situación e características, ademais de estimar o volume de áridos e/ou sedimentos acumulados, para o que se realizou un levantamento topográfico. Tamén se analizaron todos os expedientes relativos ao aproveitamento mineiro dispoñibles no arquivo, non atopando datos concluíntes sobre a titularidade da presa.

Do levantamento topográfico realizado considérase que dadas as dimensións (altura), trátase de pequenas presas polo que non lle resulta aplicable a normativa de seguridade de presas. En canto a esta seguridade, dada a inspección realizada non se pode inferir que haxa un risco alto de rotura inmediata.

A raíz da apertura do expediente de autorización de vertido, Augas de Galicia requiriu á empresa Tungsten San Finx, SL para que procedera a realizar os traballos necesarios para garantir a seguridade da presa.

A mercantil presentou escrito no que entre outros extremos, alegaba que non era a propietaria da presa e que esta non formaba parte da mina no momento da súa adquisición, aínda que non achegou documentación que corroborase esta afirmación.

Á vista desta información, desde Augas de Galicia estase traballando para intentar determinar definitivamente a quen corresponde a titularidade deste azud. Para isto, estanse a estudar os expedientes concesionais de aproveitamento de augas e a documentación existente.

CVE-PREPAR: 9aa86ff3-1722-ac11-5a46-2a882510c022

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2017 13:14
Nº Rexistro: 12691
Data envio: 14/07/2017 13:14:07.255

Para o caso de que tivese formado parte da explotación ou se tivese construído para darlle servizo volverase a requirir á empresa para que dea cumprimento ao solicitado e garanta a seguridade da presa. No caso de non ser posible determinar esta titularidade, deberanse abordar as solucións para proceder á limpeza dos sedimentos existentes.

Na resolución de autorización de vertido que se outorgue, se esta procede, impoñeranse a esta explotación todos os condicionantes que sexan necesarios para o cumprimento da normativa, e que veñen esixidos nos informes emitidos por todos os órganos con distintas competencias na materia, así como aqueles condicionantes que xurdan do estudio do exposto nas alegacións efectuadas que se consideren procedentes**.”**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

CVE-PREPAR: 9aa86ff3-1722-ac11-5a46-2a882510c022

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2017 13:14
Nº Rexistro: 12691
Data envio: 14/07/2017 13:14:07.255

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/07/2017 13:14:01

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2017 13:13
Nº Rexistro: 12690
Data envio: 14/07/2017 13:13:56.020
Data 14/07/2017 13:13

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 10409** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Raúl Fernández Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a autorización ambiental integrada para un vertedoiro de residuos non perigosos na canteira de Miramontes, no concello de Santiago de Compostela"**, (publicada no BOPG número 133 do 22 de xuño de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio,** que ten o seguinte contido:

"Este vertedoiro conta cunha Autorización Ambiental Integrada (AAI) outorgada en 2008 e, polo tanto, está sometido a un sistema de inspeccións periódicas.

A maiores das inspeccións programadas, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático realiza controis non programados e, especialmente, cando existen denuncias da veciñanza ou de colectivos.

O pasado mes de maio, a instalación foi obxecto de inspeccións ambientais os días 19 e 31, detectándose deficiencias cuxa subsanación foi requirida á empresa. Isto sen prexuízo de que, no caso de detectarse a existencia dun incumprimento da AAI, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio acordará o inicio do correspondente proceso sancionador.

Adicionalmente, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático instou á empresa a que presente un estudo olfatométrico, segundo as normas da UNE de aplicación, co obxectivo de determinar a posible responsabilidade da instalación na produción de ditas molestias**."**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 50255654-f5d9-d179-d4f7-fca90e1aee53

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2017 13:13
Nº Rexistro: 12690
Data envio: 14/07/2017 13:13:56.020

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/07/2017 13:13:49

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2017 13:13
Nº Rexistro: 12689
Data envio: 14/07/2017 13:13:38.395
Data 14/07/2017 13:13

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 10420** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Raúl Fernández Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a prohibición do uso de microplásticos en productos de uso humano e a súa substitución por alternativas naturais non contaminantes"**, (publicada no BOPG número 133 do 22 de xuño de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio,** que ten o seguinte contido:

"A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio é coñecedora do estudo referenciado na iniciativa e está tomando medidas. Actualmente, está traballando na elaboración da Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050, na que se incluirá un apartado específico para a loita contra o plástico.

Pola súa banda, o Goberno central xa está a adoptar medidas nesta liña, como evidencia a tramitación do proxecto de Real decreto sobre redución do consumo de bolsas de plástico, no que se inclúe a prohibición da comercialización de bolsas de plástico lixeiras oxodegradables a partir do 1 de xaneiro de 2018.

A problemática da contaminación mariña tamén está sendo afrontada polo Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente (MAPAMA) no marco dos programas de medidas das estratexias mariñas derivados da Lei 41/2010, de protección do medio mariño**."**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 683495e4-4000-ed87-6135-d9bce05466e9

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/07/2017 13:13
Nº Rexistro: 12689
Data envio: 14/07/2017 13:13:38.395

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/07/2017 13:13:14

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
13 XULL. 2017
SAÍDA
Num. 654

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
13 XULL. 2017
Núm. 12386

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 10506** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **"o número e a situación laboral do persoal do sistema sanitario público galego e a convocatoria, no ano 2017, da Oferta Pública de Emprego"**, (publicada no BOPG número 133 do 22 de xuño de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade,** que ten o seguinte contido:

"O Sergas ven realizando OPEs anuais desde o ano 2012.

Aprobada nestes días a Lei de Orzamentos do Estado, procede abrir á negociación cos sindicatos a OPE 2017, de cara a publicala o último trimestre do ano.

A porcentaxe de traballadores/as baixo contratos eventuais/temporais, as prazas incluídas no anexo de persoal do Sergas dos orzamentos 2017 vacantes na actualidade e os traballadores que poden estar afectados pola sentencia do TXUE de setembro de 2016, están reflectidos no Plan de Estabilidade asinado cos sindicatos CESM-OMEGA, SATSE e CS-F e publicado no DOG de 4 de maio de 2017.

O Sergas ten como instrumento de ordenación o cadro de persoal que permite unha maior flexibilidade á hora da vinculación dos profesionais do sistema público no que se traballa as 24 horas do día, os 365 días do ano."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

XUNTA DE GALICIA · VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA · DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO GERAL ENTRADA
17 XULL. 2017
Núm. 12757

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
17 XULL. 2017
SAIDA
Num. 660

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 10525** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o aumento do canon polo uso ou aproveitamento das augas para producción hidroeléctrica"**, (publicada no BOPG número 133 do 22 de xuño de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio,** que ten o seguinte contido:

"En primeiro lugar, cómpre subliñar que o canon hidroeléctrico é un tributo estatal que só é de aplicación nas cuncas intercomunitarias e, por conseguinte, só é esixido polas Confederacións Hidrográficas. Polo tanto, ao tratarse dun tributo estatal esixido por organismos estatais, non existe obrigatoriedade de trasladar ese sobrecusto ás galegas e galegos.

Segundo se indica no propio preámbulo do Real Decreto 10/2017, o incremento do canon hidroeléctrico por parte do Estado débese á necesidade de achegar recursos adicionais á protección medioambiental do dominio público hidráulico, e non a cuestións relativas coa seca."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
ENTRADA
17 XULL. 2017
Núm. 12758

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
17 XULL. 2017
SAÍDA
Núm. 561

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 10536** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a proxección dunha planta de producción de mestura bituminosa en quente na canteira de Bouzas, número 266, de Parada de Ribeira no concello de Xinzo de Limia"**, (publicada no BOPG número 133 do 22 de xuño de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio,** que ten o seguinte contido:

"Todos os trámites para a formulación da declaración da incidencia ambiental da actividade de produción de mestura bituminosa en quente en Xinzo de Limia realizáronse conforme a dereito e respectándose escrupulosamente todos os prazos e trámites legalmente establecidos (Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, publicado no (DOG nº 247, do 19 de decembro).

Durante o trámite do proxecto foron consultados o Concello de Xinzo de Limia, a Consellería de Economía e Industria e o Servizo de Conservación da Natureza. Os informes destes organismos foron incorporados á resolución.

En canto ao seguimento do cumprimento das condicións impostas na resolución, o responsable é o Concello, tal e como establece o artigo 37 da devandita lei.

Os residuos industrias xerados durante a actividade da planta están contemplados no proxecto e, tal como establece a resolución, deberá contar cun xestor autorizado e o almacenamento deberá contar cunhas determinadas condicións de hixiene e seguridade."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
13 XULL. 2017
Núm. 12385

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
13 XULL. 2017
SAÍDA
Num. 653

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 10575** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/ as, sobre **"as consecuencias laborais que o proceso de adquisición do Banco Popular polo Banco Santander pida ter nos empregados e empregadas da entidade financieria e a solicitude, polas partes interesadas, da mediación e/ou arbitraxe do Consello Galego de Relacións Laborais"**, (publicada no BOPG número 137 do 29 de xuño de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria,** que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 5ª do 5.07.2017- pola secretaría xeral de Emprego, ao darlle resposta á pregunta 10574 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

http://www.parlamentodegalicia.es/axenda/intervencionsVideo.aspx?timecode=02:22:42&idvid=C3322323&duration=00:16:42&wmv=0000010000H-002-100kb.wmv&."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

XUNTA DE GALICIA · VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA · DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
17 XULL. 2017
Núm. 12756

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
17 XULL. 2017
SAIDA
Num. 659

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 11129** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración do Goberno galego en relación coa carencias en materia de atención pediátrica existentes no concello de Oleiros, así como as súas previsións respecto da dotación de servizo de pediatría ao Centro de Saúde da Covada e o reforzo dese servizo no Centro de Saúde de Santa Cruz"**, (publicada no BOPG número 141 do 6 de xullo de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade,** que ten o seguinte contido:

"A atención primaria de saúde na Comunidade Autónoma de Galicia organízase en Servizos de Atención Primaria, que son as estruturas básicas para a prestación de servizos sanitarios á poboación. Cada servizo pode ter unha ou varias unidades de atención primaria (centros de saúde) que se localizan en distintos puntos de atención, intentando aproximarse, sempre que sexa posible, á poboación atendida.

Actualmente o Servizo de Atención Primaria de Oleiros conta con tres centros de Saúde (Santa Cruz, Perillo e A Covada), un Consultorio (Mera), un Punto de Atención Continuada (PAC) e coas unidades de apoio de Fisioterapia e Odontoloxía.

A atención pediátrica do Servizo de Atención Primaria de Oleiros préstase no Centro de Saúde de Perillo e no Centro de Saúde Santa Cruz, con cinco pediatras asignados á poboación do Concello.

As cotas pediátricas de Oleiros, cuxos centros atópanse próximos e ben comunicados entre sí, teñen un ratio de asignación de pacientes/pediatra que se corresponde á poboación atendida, e que se pode considerar óptimo.

A distribución dos recursos de pediatría permite que, ante a ausencia dun profesional, o outro pediatra do centro poida asumir a atención a procesos urxentes, ante a dificultade de cubrir en todo momento as ausencias con especialistas en pediatría, cuxa dispoñibilidade é deficitaria no conxunto dos centros de saúde do Sistema Nacional de Saúde.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
17 XULL. 2017
Núm. 12756

Os nenos do Concello de Oleiros teñen unha boa atención pediátrica no seu Concello prestada por profesionais de moi alto nivel. Sempre é posible revisar a ordenación da asistencia, pero ata a satisfacción dos usuarios coa súa atención pediátrica é elevada, a asignación de recursos e a dotación de profesionais por poboación é axeitada ás recomendacións para unha prestación sanitaria eficiente e de calidade."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2017 09:30
Nº Rexistro: 12799
Data envio: 18/07/2017 08:58:41.172
Data 18/07/2017 08:58

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 7168,** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"a xustificación da necesidade de investir 1.053.246,37 euros no proxecto de abastecemento de auga ás parroquias de Nantón e Anos, no concello de Cabana de Bergantiños, e para dar servizo ao futuro parque empresarial da Costa da Morte, as razóns da demora na posta en funcionamento das obras e as xestións previstas polo Goberno galego ao respecto, así como o grao de deterioración no que se atopan"**, (publicada no BOPG número 97 do 6 de abril de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio,** que ten o seguinte contido:

"En primeiro lugar, cómpre subliñar que a valoración da necesidade deste investimento realizouse no ano 2008. Nesa data, en función da dispoñibilidade orzamentaria existente e da necesidade e xustificación técnica e económica, entendeuse que era procedente a súa realización.

Este proxecto de abastecemento, como calquera outro, establece as determinacións técnicas para proceder a executar unha determinada obra hidráulica e non inclúe ningunha valoración sobre a necesidade ou non de construción dun polígono.

O contrato adxudicouse en 2010 e, posteriormente, a empresa contratista entrou en concurso voluntario de acredores, ditándose en 2014 apertura da fase de liquidación.

CVE-PREPAR: 83098ad2-8c76-7d99-1de7-5e4ed745d707

41484
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 18/07/2017 08:58:20

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2017 09:30
Nº Rexistro: 12799
Data envio: 18/07/2017 08:58:41.172

Actualmente, estase a tramitar o procedemento de extinción do contrato por incumprimento do contratista, co obxectivo de reclamar e recuperar a maior cantidade posible do investimento realizado.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

CVE-PREPAR: 83098ad2-8c76-7d99-1de7-5e4ed745d707

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2017 09:30
Nº Rexistro: 12799
Data envio: 18/07/2017 08:58:41.172

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/07/2017 8:58:20

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2017 13:57
Nº Rexistro: 12849
Data envio: 18/07/2017 13:57:22.704
Data 18/07/2017 13:57

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

AG/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 8138,** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"as medidas adoptadas ou previstas polo Goberno galego para afrontar a praga da avelaíña dos buxos, así como as súas intencións respecto da solución da carestía de persoal de investigación dependente da Consellería do Medio Rural para atallar este tipo de problemas"**, (publicada no BOPG número 106 do 27 de abril de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural,** que ten o seguinte contido:

"A Consellería do Medio Rural informa que esta iniciativa xa foi respondida na pasada Comisión 7ª, celebrada o 26 de maio de 2017, pola Directora Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, dando resposta á iniciativa 8137.**"**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 313ab2b7-6a93-d688-8467-073e9d375309

41487
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 18/07/2017 13:57:17

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2017 13:57
Nº Rexistro: 12849
Data envio: 18/07/2017 13:57:22.704

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/07/2017 13:57:17

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2017 13:58
Nº Rexistro: 12851
Data envio: 18/07/2017 13:58:08.548
Data 18/07/2017 13:58

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc

